

ASOCIACIÓN
TERRAS DE MIRANDA

12 ABR 2021

NÚMERO: 021/11:31:06
REGISTRO XERAL DE ENTRADA

Presidente do 01 Asociación Terras de Miranda
Julia Pardo Montenegro nº13 1ª
MONDOÑEDO
27740 LUGO

RESOLUCIÓN pola que se aproba a modificación da Estratexia de Desenvolvemento local seleccionada polo Acordo do Consello de Dirección de Agader do 16 de novembro de 2016, ao abeiro da medida 19 (LEADER) do PDR de Galicia 2014-2020.

Tendo en conta a modificación das bases reguladoras que rexen a medida LEADER, publicadas no DOG núm. 53, do 18 de marzo de 2021, abren a posibilidade de que o GDR poida seleccionar proxectos non previstos inicialmente, así como, no seu caso, priorizar, no suposto de que así o consideren necesario para o desenvolvemento do seu territorio de actuación, estes novos proxectos, a xunta directiva do GDR /a asemblea xeral do GDR procede á aprobación da modificación da estratexia de desenvolvemento rural, mediante o Acordo do 25 de marzo de 2021. Xúntase a modificación da estratexia como anexo I desta resolución.

Tendo en conta o sinalado nos parágrafos anteriores, emítese esta RESOLUCIÓN pola que se aproban a modificación da estratexia, que figura como anexo I desta resolución.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o Conselle de Dirección da Agader, no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao da notificación, ou ben directamente recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Santiago de Compostela. Tamén poderá interporse calquera outro recurso que se estime oportuno.

En Santiago de Compostela,

O Consello de Dirección da Agader

(Por delegación, A directora xeral de Agader

Resolución do 24.07.2013. DOG nº 148, do 5 de agosto)

(Asinado electronicamente)

Inés Santé Riveira.



ANEXO I





Ángeles Rodríguez Rico, con DNI 76.575.750X, en calidade de SECRETARIA ACCIDENTAL da Asociación de Terras de Miranda (GDR-1), con CIF G-27271402 e domicilio en C/ Julia Pardo Montenegro, 13,1º, 27740 Mondoñedo, Lugo

CERTIFICA



- 1.- Que a Asociación Terras de Miranda (GDR-1) tivo reunión de Xunta Directiva o día 25 de Marzo de 2021 para tratar entre outros temas a aprobación da modificación da estratexia de desenvolvemento rural do GDR Terras de Miranda no programa Leader 2014-2020.
- 2.- Que esta modificación na estratexia realízase para dar a posibilidade de subvención a través do programa Leader a proxectos vinculados á posta en valor dos terreos agroforestais e a recuperación demográfica do medio rural segundo a Lei de recuperación da terra agraria de Galicia.
- 3.- Que esta modificación introduce un novo obxectivo (2.1.3), dentro do obxectivo estratéxico 2.1.- Mellora da calidade de vida en zonas rurais e diversificación da economía rural, onde se establecen varias liñas de actuación que contemplan a posibilidade de subvención tanto para proxectos orientados ao aproveitamento agrícola, gandeiro ou forestal da terra, como son os polígonos agroforestais, as agrupacións e as actuacións de xestión conxunta e os proxectos de ordenación produtiva das aldeas modelo, como aqueles destinados a mellorar a calidade de vida da poboación rural, como os plans de dinamización do núcleo rural das aldeas modelo. Tamén proxectos baseados en plans ou actuacións integrais de desenvolvemento rural enmarcados en plans estratéxicos supramunicipais.
- 4.- Que se decide non modificar os criterios de selección e baremación dos proxectos, nin as limitacións establecidas no mesmo.

E para que así conste e sirva aos efectos oportunos, asino a presente, por duplicado e a un só efecto; en Mondoñedo, a 25 de Marzo de 2021.




A Secretaria Accidental

Asdo: Angeles Rodríguez Rico


Vº Bº O Presidente

Asdo: Vidal Martínez-Sierra López

